



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*Aprobación das bases e a convocatoria das Residencias Mariñán de literatura e pensamento do ano 2024*

Por resolución do Presidente da Deputación núm. 2149, do 19 de xaneiro de 2024, aprobáronse as Bases e a convocatoria das Residencias Mariñán de literatura e pensamento do ano 2024, co seguinte texto:

#### RESIDENCIAS MARIÑÁN DE LITERATURA E PENSAMENTO DO ANO 2024

A Área de Cultura da Deputación da Coruña vén desenvolvendo desde hai anos unha moi importante labor de apoio á creación a través da convocatoria anual de todo un amplo repertorio de premios e certames en diferentes ámbitos e disciplinas.

A Área de Cultura da Deputación da Coruña quere reforzar as súas liñas de apoio ás creadoras e creadores continuando cun programa centrado non nas pezas ou resultados finais, senón no apoio aos procesos creativos, a través das **Residencias Mariñán**.

A través da presente convocatoria seleccionáronse catro proxectos do ámbito da literatura e o pensamento para desenvolver a súa residencia creativa no Pazo de Mariñán, de acordo ás seguintes:

#### BASES

##### Primeira.- Obxecto e finalidade

Este programa ten por obxecto seleccionar catro proxectos de carácter literario e proxectos relacionados co desenvolvemento de liñas de pensamento para levar ao cabo a súa residencia creativa no Pazo de Mariñán.

Os obxectivos do programa son fornecer as condicións favorables para intensificar o proceso de creación literaria e o pensamento en contextos de traballo e aprendizaxe comunitarios.

##### Duración e calendario das residencias:

Seleccionáronse un máximo de catro proxectos que se desenvolverán do 15 ao 26 de abril.

Cada residencia terá unha duración máxima de 12 días.

Será a persoa comisaria do programa quen defina o calendario final das residencias, de acordo coas persoas seleccionadas, as persoas responsables do Pazo de Mariñán e o propio Servizo de Cultura da Deputación da Coruña.

##### Dotación das residencias:

Espazo común de traballo no Pazo de Mariñán, con varias estancias de diferentes características para adaptarse ás necesidades de creación do proxecto. O espazo conta con conexión a internet e os medios técnicos e materiais básicos para o desenvolvemento das residencias.

Aloxamento en habitación de uso individual con espazo de traballo propio, en réxime de pensión completa no Pazo de Mariñán durante os días da residencia.

Acompañamento e seguimento da proposta por parte do comisario das residencias durante a estancia no Pazo de Mariñán, co fin de facilitar a viabilidade do proxecto.

Encontro con persoas relacionadas co mundo da creación e do pensamento, convidadas durante unha xornada.

##### Segunda.- Solicitantes.

##### 2.1.- Residencias de literatura

O programa está dirixido a persoas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e desenvolvan o seu proxecto literario en lingua galega, en calquera das súas expresións: narrativa, ensaio, poesía, teatro, guiión cinematográfico, banda deseñada, xéneros híbridos..., e que non obtivesen unha residencia Mariñán de literatura e pensamento na convocatoria anterior.

## 2.2.- Residencias de pensamento

O programa está dirixido a a persoas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia que investiguen calquera ámbito de coñecemento: filosofía, antropoloxía, historia, arte, economía, dereito, política, sociedade..., e que non obtivesen unha residencia Mariñán de literatura e pensamento na convocatoria anterior.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática as persoas solicitantes deberán dispor de:

- \* certificado dixital.
- \* un único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións.

### Terceira.- Requisitos de participación

A lingua galega deberá ser a lingua principal do contido da proposta, sen que iso impida a presenza tamén doutras. Igualmente a lingua galega será a lingua por defecto na presentación do proxecto, na comunicación social deste e en xeral en todos os soportes de comunicación e desenvolvemento do proxecto.

Non se admitirán en ningún caso proxectos con contidos machistas, homófobos, tránsfobos, racistas ou que atenten contra a liberdade e a dignidade das persoas.

### Cuarta.- Prazo de presentación da solicitude

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación das Bases reguladoras das Residencias no BOP da Coruña e rematará ás **14:00 horas do día 23 de febreiro de 2024**.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta o proxecto.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

### Quinta.- Documentación

Cada persoa poderá presentar unha única solicitude optando a un tipo de residencia (literatura ou pensamento).

As solicitudes consistirán nunha **proposta** de traballo e investigación persoal a desenvolver no contexto da residencia, sintetizada nunha extensión máxima de tres páxinas e anexando un relato autonarrativo no que a persoa fale de si mesma e explique as razóns que a motivan a facer a solicitude e a súa traxectoria creativa, o relato tamén deberá ter unha extensión máxima de tres páxinas.

As persoas solicitantes poderán incluír tamén algún fragmento de traballo propio e un CV, aínda que non serán determinantes para a valoración da súa solicitude.

Figurarán tamén o nome e apelidos, o DNI, domicilio, un número de teléfono e máis un correo electrónico de contacto.

Coa solicitude deberá achegar tamén a declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación na convocatoria de Residencias Mariñán de literatura e pensamento durante o ano 2024, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais.

### Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola deputada de Cultura e formarán parte del tres persoas expertas de recoñecido prestixio no mundo da cultura propostas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 15.1 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación ([www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución será aplicado o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **Sétima.- Valoración das solicitudes e resolución da convocatoria.**

**7.1.-** A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións:

- Interese da proposta presentada: ata 5 puntos.
- Traxectoria creativa do/a escritor/a ou pensador/a: ata 2,5 puntos.
- Interese do foco do seu traballo ou investigación dentro do contexto cultural galego: ata 2,5 puntos.

A puntuación total de cada solicitante obterase pola suma das puntuacións anteriores.

A selección das propostas será equilibrada entre as catro residencias.

**7.2.-** As deliberacións do xurado serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

O xurado poderá declarar deserta/s a/s residencia e poderá nomear o número de suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade en función da puntuación obtida; estas persoas accederán á residencia, unicamente, no caso de existir algunha renuncia ou revogación polo incumprimento das obrigas desta convocatoria. A decisión do xurado será inapelable.

**7.3.-** O órgano competente para ditar o acordo de resolución da convocatoria é o presidente da Deputación.

A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal), e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas, polo que a presentación leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e da súa publicación na citada páxina web.

Nos días seguintes á publicación, as persoas seleccionadas serán contactadas a fin de coordinar e dispor o necesario para encetar as estadías.

**As persoas que resulten seleccionadas deberán confirmar a súa participación** (a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), no prazo de 5 días contados dende o día seguinte á publicación da resolución de concesión. En caso contrario, informarase ás persoas suplentes seguindo a orde de prelación considerado no proceso de valoración, que terán un prazo de 5 días para confirmar a súa participación.

**7.4.-** Contra a resolución de concesión das residencias, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, perante o presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse desde o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 7.3 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

#### **Oitava.- Realización do proxecto e obrigas das persoas residentes.**

- Cumplir as normas de uso do Pazo de Mariñán, que serán facilitadas ás persoas residentes antes do inicio da residencia e que terán que devolver asinadas para a súa conformidade.

As persoas residentes poderán ter que convivir con outras actividades e con outras persoas usuarias do Pazo, sempre respectando os seus espazos de traballo.

- Participar nas actividades que se organicen desde a Deputación da Coruña para dar difusión ao programa de residencias, como presentacións para prensa, videos ou calquera outro formato.

- Aceptar a gravación e difusión da súa imaxe a través de medios en soporte papel ou dixital, así como das diferentes redes sociais, coa finalidade de divulgar e dar a coñecer as residencias, tanto en esta como en futuras edicións.

- Facilitar ao departamento de comunicación da Deputación da Coruña todo o material promocional necesario para a difusión do proxecto.

- Nomear a Área de Cultura da Deputación da Coruña en todas as comunicacións que se fagan da residencia, do proceso ou da obra resultante, tanto en redes sociais como en notas de prensa.

- Ao rematar a residencia, presentar unha memoria que explique o traballo realizado e recolla as conclusións. A memoria deberá ter a conformidade da persoa comisaria e deberá presentarse no prazo máximo dun mes dende a finalización da residencia, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTEL.

- Nos soportes de edición e comercialización do proxecto, deberá figurar de forma expresa a seguinte frase: “Este proxecto contou cun apoio para o seu desenvolvemento a través das Residencias Mariñán de literatura e pensamento da Deputación da Coruña. Igualmente deben aparecer os logotipos da Deputación e de “A cultura é un dereito”.

**Novena.- Aceptación das bases.**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

**Décima.- Protección de datos.**

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o Certame, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Certame por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos, oposición e limitación do seu tratamento, dirixíndose por escrito ao Rexistro de Entrada da Deputación Provincial da Coruña, no enderezo Avenida Porto da Coruña, nº 2- 15003 A Coruña, ou ben a través da Sede Electrónica. Para calquera outra dúbida poden dirixir un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

A Coruña, 19 de xaneiro de 2024

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez

2024/407